

# A folga xeral do 29 de marzo parou Galicia

■ AS MANIFESTACIÓNS XUNTARON MÁIS DE 300.000 PERSOAS POLAS PRINCIPAIS VILAS E CIDADES DO PAÍS, FORON O COLOFÓN A UN «DÍA HISTÓRICO»



As traballadoras e traballadores galegos encheron as rúas da Coruña (60.000), Ferrol (40.000), Santiago (40.000), Ribeira (5.000), Lugo (10.000), Burela (3.000), Ourense (15.000), Pontevedra (20.000) e Arousa (7.000) baixo o lema «Queren acabar con todo. Cos dereitos laborais e sociais».

## Seguimento nas empresas

Ambos os sindicatos destacan que o éxito da folga non é mérito dos convocadores, senón dos traballadores e das traballadoras que fixeron súa a proposta de UGT e CCOO. O traballo sindical realizado, cunha ampla campaña informativa e empresa a empresa, deu un resultado

que se reflectiu no seguimento xeral da folga e nas principais empresas galegas que pararon totalmente. É o caso de empresas tan significativas como PSA-Vigo, Alúmina Aluminio San Cibrao, Zara Logística, Frinsa do Noroeste, Frigolouro (O Porriño), Alúmina Española, CESP (na Coruña e Pontevedra), Repsol Petróleo, Navantia (Fene e Ferrol), CIE-Galfor, Leche Celta, Adolfo Domínguez, Lonza Biológicos, Carrocera Castrosua, FCC, Lantero, Pull&Bear Logística, Rodman Polyships ou Televés.

Canto a sectores e ramas de actividade, CC OO e UGT salientan o seguimento total da folga nos servizos de recollida do lixo e limpeza viaria, naval, construción

e automoción; case do 100% nos transportes públicos, portos e aeroportos; e superiores ao 90% en químicas ou na CRTVG.

## Esixencias

Co aval deste «masivo apoio», UGT e CCOO reclaman a rectificación das políticas antisociais e da reforma laboral do Goberno de Rajoy. A reforma do despedimento único, a que rompe coa negociación colectiva, a da desvalorización salarial, a que deixa nas mans dos empresarios todos os poderes sobre os traballadores, a da perda dos dereitos laborais adquiridos con moita loita nestes últimos trinta anos... só deixa unha saída: a mobilización e a conflictividade social.

O Goberno non debería porfiar no agravamento do conflito social e atender a este último aviso da cidadanía, xa que a folga é unha oportunidade para a negociación; se non é así, haberá conflito ata que se rectifique substancialmente a reforma laboral. Neste sentido, CCOO e UGT fixarán un calendario crecente de mobilizacións ata o 1 de maio, á espera de que se modifique a reforma. Estamos dispostos a seguir loitando.



Centro comercial baleiro en Ferrol



Numerosos establecementos en toda Galicia amenceron pechados por folga xeral



Escenificación na manifestación da Coruña



Máis de 60.000 persoas saíron ás rúas da Coruña contra a reforma laboral e amosaron o seu apoio á folga xeral



Manifestantes diante da catedral de Santiago de Compostela, na praza do Obradoiro



Manifestación nas rúas de Ferrol, cidade na que se manifestaron 40.000 persoas



Praza de Armas de Ferrol, totalmente ategada polos manifestantes



Instantánea da manifestación na cidade de Pontevedra



A desproporcionada presenza policial foi habitual en todas as cidades



Manifestación en Ourense



Pancarta de cabeceira da manifestación de Vigo



Máis de 100.000 persoas ateigaron as rúas de Vigo nunha multitudinaria manifestación



Manifestación en Lugo